



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Historia da Empresa		Código	650G01005
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	González López, Tamara	Correo electrónico	tamara.gonzalez.lopez@udc.es	
Profesorado	González López, Tamara Lindoso Tato, Elvira	Correo electrónico	tamara.gonzalez.lopez@udc.es elvira.lindoso.tato@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>A materia Historia da Empresa ofrece unha formación básica ao futuro graduado, orientado a traballar no ámbito empresarial e onde o coñecemento da evolución da empresa resulta determinante á hora de tomar decisións executivas.</p> <p>O obxectivo da materia é estudar e comprender a figura da empresa e do empresario e o seu papel no desenvolvemento económico (relación entre determinadas formas de empresa e a intensidade do crecemento económico). Estudar os cambios experimentados en tamaño e forma. Posibilitar a análise dos diferentes tipos de empresas incardinados nun contexto histórico. É dicir, a análise dos axentes e as organizacións empresariais en perspectiva histórico-económica ata o século XXI. E, así mesmo, establecer comparacións entre os distintos modelos empresariais ao longo do tempo e dos países.</p> <p>A materia contribúe a proporcionar unha formación que permite un coñecemento extenso e profundo da evolución da empresa moderna no longo prazo, o seu desenvolvemento e a súa situación actual, capacitando aos futuros graduados para responder de xeito crítico e responsable aos diferentes retos que se lle presenten, contribuíndo á potenciación e mellora da empresa. Permite examinar como se resolvieron problemas similares aos que se enfrentan as empresas na actualidade e, xa que logo, é unha ferramenta útil para a toma de decisións. Móstrase que a realidade empresarial é plural, diversa e dinámica. Non pode ser aprehendida cunha teoría universal, nin existe unha única solución organizativa ou tecnolóxica que garanta a excelencia empresarial.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cando, ónde novos desenvolvimentos persoais son necesarios.
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A4	CE4 - Comprender a estrutura de linguas estranxeiras e desenvolver un vocabulario, Comprender, ler, falar e escribir nunha lingua estranxeira.
A5	CE5 - Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A6	CE6 - Comprender os principios da enxeñaría e vincularlos co coñecemento empresarial.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A8	CE8 - Comprender os principios da psicoloxía, identificar as implicacións para a organización empresarial.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A13	CE13 - Xestión dunha compañía a partir da planificación e control, utilizando conceptos, métodos e ferramentas.
A16	CE16 - Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.



A17	CE17 - Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A18	CE18 - Identificar as características dunha organización.
A19	CE19 - Identificar novos desenvolvimentos de organizacións empresariais para afrontar con éxito o entorno cambiante.
A20	CE20 - Identificar e operar o software adecuado. Deseñar e implementar sistemas de información.
A21	CE21 - Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A22	CE22 - Planificar e xestionar os recursos humanos das organizacións.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
A24	CE24 - Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio.
B2	CB2 - Que os estudantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamiento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinariedade, transversalidad e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionáis, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e os obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saibam identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratégica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrentarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Recoñecer as diferentes fases da evolución económica e comprender as variacións que se produciron na empresa co paso do tempo	A11 A19	B1 B8 B14	
Estudar e comprender a figura da empresa e do empresario e o seu papel no desenvolvemento económico	A11 A19		
Coñecer as principais formas de empresa, a súa evolución e a súa problemática nun contexto histórico	A11 A19		
Establecer comparacións entre os distintos modelos empresariais ao longo do tempo e dos países	A11 A19		
Coñecer e avaliar criticamente as distintas aproximacións teóricas sobre o desenvolvemento empresarial e como se relacionan co mundo real	A3		
Apreciar como as diferenzas nas contornas culturais, legais, políticas, sociais, etc. afectaron ás empresas e ao seu desenvolvemento en diferentes partes do mundo	A11 A19		
Identificar e explicar as principais vantaxes competitivas das empresas	A3 A5 A7 A8 A11 A13	B2 B5 B6	
Facilitar o proceso de toma de decisións nas empresas a partir da familiarización cunha perspectiva histórica e temporal das mesmas	A11 A13 A19		
Analizar como os empresarios e os directivos afrontaron no pasado os problemas derivados da xestión das súas empresas	A3 A11 A13 A19		
Comprender como as empresas reaccionaron ante os cambios nos mercados, as tecnoloxías e as institucións e como, á súa vez, influíron nos mesmos	A3 A5 A6 A11 A16 A17 A18 A19 A23	B13	
Explicar os principais cambios estructurais que permitan ás empresas aumentar de tamaño	A5 A11 A19		C8



Mostrar a existencia dunha realidade empresarial plural, diversa e dinámica, que non pode aprehenderse cunha teoría ou un modelo universal			C4
Capacidade de expresión, oral e escrita	A4	B4	C1 C2
Capacidade analítica, lóxica e sintética	A24		C6
Capacidade de percura, selección e elaboración de información			C3 C6
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A20 A21 A24		
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamiento de repertorios estatísticos	A13 A21 A22	B10 B11	
Avaliar o comportamento, a cultura e a estratexia das empresas	A12		C5 C8
Comprender a rápida dinámica de cambio dos negocios e os factores que inflúen nos ritmos e patróns dese cambio	A9 A11 A19		
Aprendizaxe de organización, planificación e administración do tempo de traballo	A13 A22		
Estimular o desenvolvemento do afán de superación e o liderado, favorecendo a capacidade de convicción e de aceptación dos puntos de vista dos demás			C1 C4 C6
Fomentar a iniciativa persoal e emprendedora		B9	C5
Xestionar o cambio con eficacia e responder a demandas cambiantes	A19		
Asumir responsabilidades á hora de lograr unha aprendizaxe e un desenvolvemento persoal e profesional (Planificación do Desenvolvemento Persoal)	A1 B3 B7 B12		C3 C7
Contribuír ao recoñecemento da diversidade e a multiculturalidad			C4
Facilitar o desenvolvemento dun compromiso ético	A9		C4

**Contidos**

Temas	Subtemas
Tema 1: A empresa no mundo preindustrial	1. As baixas taxas de crecimiento da economía preindustrial: unha visión a longo prazo da historia económica precapitalista occidental 2. A organización da producción precapitalista: a empresa antes da industrialización
Tema 2: A empresa na Primeira Revolución Industrial, c.1770-c.1870	1. A Revolución Industrial Británica e a difusión da industrialización 2. A xénesis da empresa moderna
Tema 3: A Segunda Revolución Industrial e o desenvolvemento da gran empresa, c.1870-1973	1. A Segunda Revolución Industrial e a integración do mercado internacional 2. As estratexias de crecimiento empresarial no marco da Segunda Revolución Industrial
Tema 4: A empresa ante os desafíos da globalización, 1973-2023	1. A evolución da economía mundial, 1973-2023 2. Os últimos desenvolvimentos da gran empresa e outras respostas empresariais

**Planificación**

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	A1 A17 A19 B14 C4 C5 C7 C8	1	3	4
Estudo de casos	A23 A22 A20 A19 A18 A17 A16 A13 A11 A4 A3 A24 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C4 C6	22	44	66
Proba obxectiva	A21 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B13 B14 C1 C2 C6	2	2	4
Sesión maxistral	A23 A22 A20 A19 A18 A17 A16 A13 A12 A11 A9 A8 A7 A6 A5 A3 A24 B1 B10 B11 B12 C3 C4 C5 C7 C8	17	51	68
Atención personalizada		8	0	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

#### Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Exposición previa das líneas maestras da materia e orientación inicial en función dos recursos bibliográficos, docentes e informáticos dos que dispón o alumnado.
Estudo de casos	Análise das prácticas que conteñen diverso material cuantitativo e cualitativo relacionado co contido da asignatura.
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais.
Sesión maxistral	Nestas sesións, o profesor impartirá as pautas chave de cada un dos puntos do temario da asignatura que o alumno debe conocer e preparar co traballo persoal e coa axuda dos restantes instrumentos que ofrece o curso.

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos Actividades iniciais	En cada un dos casos, procurase a atención persoalizada nas correspondentes sesións de tutoría individual (seguimento do traballo do estudiantado, resolución de dúbidas, orientación cara a mellora do estudio, etc.). Ademáis, nas tutorías de grupos reducidos, realizaránse actividades de orientación docente, de seguimento do traballo do estudiantado, de resolución de dificultades e conflictos na materia, etc. Dita atención terá lugar mediante a aplicación Teams e/ou de xeito presencial en dúas sesións de 2 horas cada unha (no horario específicamente sinalado no campus virtual da materia ao longo do curso).

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación
Estudo de casos	A23 A22 A20 A19 A18 A17 A16 A13 A11 A4 A3 A24 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C4 C6	Incluen as prácticas con material cuantitativo e cualitativo e serán avaliadas ao longo do primeiro cuatrimestre. O seu calendario da avaliación comunicarase ao estudiante durante o curso.	40



Proba obxectiva	A21 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B13 B14 C1 C2 C6	Consistirá na realización dun examen escrito sobre os contidos teóricos do programa na data oficial da primeira oportunidade. Valoraráse a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e, por suposto, o coñecemento dos contidos do programa.	60
-----------------	--	--	----

#### Observacións avaliación

##### Normativa de avaliación:

Está prohibido acceder á aula do exame/probas con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenaxe de información. Así mesmo, recomendamos a asistencia á clase da materia dende o primeiro día, aínda que o estudiante estea pendente de completar o proceso de matrícula, xa que o calendario da avaliación fixado aos inicios do curso é independente da data de matrícula individual do alumno. É necesario que cada alumno que desexe realizar as probas se identifique correctamente co D.N.I. na aula onde se va a realizar a proba (ten que acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente). Estudiantes con "recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia": excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva final, para as restantes probas de ser preciso acordarase ao inicio do curso un calendario específico compatible coa súa dedicación, sempre e cando ese calendario estea integrado na franxa horaria lectiva correspondente ás probas prácticas realizadas nas aulas dos distintos grupos. O estudiante que se atope nestas circunstancias debe poñerse en contacto cos seus docentes vía correo electrónico da UDC antes do 30 de setembro de 2023. Os estudiantes deben consultar obrigatoria e frecuentemente o campus virtual da materia (moodle), onde o/a docente coloca a información relevante. Ademais, os estudiantes deben subir unha foto actualizada ao seu perfil de moodle para a súa correcta identificación. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se for necesario. Tipo de cualificación:

A cualificación de "non presentado" corresponde ao alumno/a, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada. Oportunidades de avaliación:

1ª oportunidade: todos os estudiantes, incluídos os que teñan recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, poderán superar a materia obtendo polo menos 50 puntos dos 100 totais entre todas as probas do curso, incluíndo o exame da 1ª oportunidade. Aqueles estudiantes que non poidan acudir ás probas do curso con motivo debidamente xustificado (xustificado cos certificados correspondentes para os casos que contempla a normativa académica -caso de enfermidade ou accidente, por exemplo-), poderán realizar as mesmas noutra ocasión que lles será comunicada tendo en conta o sinalado polo regulamento académico. Respecto á convocatoria da segunda oportunidade e a da extraordinaria adiantada, ámbalas dúas consistirán na realización dunha proba obxectiva cun valor máximo do 100% da nota final. Deste xeito, nesta proba poderá recuperar a avaliación continua correspondente ás probas prácticas realizadas no primeiro cuadrimestre. Os estudiantes poderán superar a materia nas citadas oportunidades obtendo 50 puntos dos 100 potenciais.

#### Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- () .</p> <p>Os manuais fundamentais da materia son: Palafox, Jordi, ed. (2014): Los tiempos cambian. Historia de la economía. Valencia, Tirant lo Blanch. Valdaliso, Jesús M.ª y López, Santiago (2007): Historia económica de la empresa. Barcelona, Crítica [reimpresión de 2008]. Ademáis, recoméndanse as seguintes obras: Aldcroft, D. H., Morewood, S. (2013): The European economy since 1914, New York, Routledge, 5ª edición. Álvarez Arza, María José (2001): Historia económica de la empresa (guía didáctica), Madrid, UNED. Álvarez Arza, María José et al. (1998): Historia económica (guía didáctica), Madrid, UNED. Calvo, Angel (2016): "Strategic alliances in the European industries of the Third Industrial Revolution", Journal of Evolutionary Studies in Business, vol. 2, nº 1, pp. 235-265. Cameron, Rondo (2009): Historia económica mundial. Desde el Paleolítico hasta el presente, Madrid, Alianza, 2ª edición [3ª reimpresión]. Caruana, L., Larrínaga, C., Matés, J. M. (2011): "La pequeña y mediana empresa en la edad de oro en la economía española: estado de la cuestión", Investigaciones de Historia Económica nº 7, pp. 322-333. Catalán, J. (2014): ?From the Great Depresión to the Euro Crisis, 1929-2013: A Global Approach?, Revista de Historia Industrial nº 53, 3, pp. 15-45. Catalán, J., Miranda, J. A., Ramón, R. (2011): Distritos y clusters en la Europa del Sur, Madrid, Lid. Chandler, Alfred D. Jr. (1996): Escala y diversificación: la dinámica del capitalismo industrial, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza. Chandler, Alfred D. Jr. (2008): La mano visible: la revolución de la gestión en la empresa norteamericana, Barcelona, Ediciones de Belloch. Comín, Francisco (2011): Historia económica mundial. De los orígenes a la actualidad, Madrid, Alianza. Comín, Francisco y Díaz Fuentes, Daniel (2004): La empresa pública en Europa, Madrid, Síntesis. Comín, Francisco y Martín Aceña, Pablo (eds.) (1996): La empresa en la historia de España, Madrid, Civitas. Comín, Francisco, Hernández, Mauro y Llopis, Enrique (eds.) (2005): Historia económica mundial, siglos X-XX, Barcelona, Crítica. Cuadrado-Roura, J. R. (2012): ?La crisis económica actual y sus efectos regionales. Panorama general, perspectivas y posibles salidas?, Cuadernos de CC.EE. y EE., nº 63, pp. 113-136. Dari-Mattiacci, Giuseppe et al. (2017): "The Emergence of the Corporate Form" The Journal of Law, Economics, and Organization , vol. 33, nº 2, pp. 193-236. Debasa Navalpotro, Felipe R. (2012): ?China:cambio de sistema e hipercrecimiento económico?, Mediterráneo Económico nº 22, pp. 317-327. Di Vittorio, Antonio (coord.) (2003): Historia económica de Europa siglos XV-XX, Barcelona, Crónica. Díaz Morlán, Pablo (2009): Capitalistas y empresarios. El mercado de la función empresarial, Alicante, Universidad de Alicante. Dunning, John H. (comp.) (1976): La empresa multinacional, México, Fondo de Cultura Económica. Dunning, John H. y Lundan, Sarianna M. (2008): Multinational enterprises and the global economy, 2ª ed., Cheltenham y Northampton, EE. Erro, Carmen (2003): Historia empresarial. Pasado, presente y retos de futuro, Barcelona, Ariel. Estella, M.ª Concepción, Arribas, Victoria y de Haro, Dionisio (2001): Prácticas de historia económica mundial y de España, Madrid, ESIC. Feliú, Gaspar y Sudrià, Carles (2013): Introducción a la historia económica mundial, Valencia, Universitat de Valencia, 2ª edición. Fernández, Paloma (coor.) (2013): La profesionalización de las empresas familiares, Madrid, Lid. García Ruiz, José Luis (1994): Historia económica de la empresa moderna, Madrid, Istmo. García Ruiz, José Luis (coord.) (1998): Historia de la empresa moderna, Madrid, Síntesis. García Ruiz, José Luis (coord.) et al. (1998): Historia de la empresa mundial y de España, Madrid, Síntesis. García-Blanch Menárguez, Francisco (2002): Crecimiento económico en Corea del Sur (1961-2000). Aspectos internos y factores internacionales, Madrid, Síntesis. González Enciso, Agustín (2021): "A great modern capitalist. Jakob Fugger", en Vázquez Fariñas, María et al., eds., Companies and Entrepreneurs in the History of Spain: Centuries Long Evolution in Business since the 15th century, Palgrave MacMillan Suiza, pp. 49-64. Goodall, Francis, Gouvirish, Terence R. and Tolliday, Steven (eds.) (1997): International Bibliography of Business History, London, Routledge. Hannah, Leslie (1996): ?La evolución de las grandes empresas en el siglo XX: un análisis comparativo?, Revista de Historia Industrial , nº 10, pp. 93-125. Hébert, Robert F., Link, Albert N. (2010): A History of Entrepreneurship, London-New York, Routledge, reprinted. Hernández Andreu, Juan y García Ruiz, José Luis (1994): Lecturas de Historia empresarial, Madrid, Civitas. Jensana Tanehashi, Amadeu (2004): Empresa y negocios en Asia Oriental. Estrategias y acciones, Barcelona, UOC. Jones, Geoffrey, Zeitlin, Jonathan (2008): The Oxford Handbook of Business History, Oxford, Oxford University Press. Junqueras, O. y otros (2012): Historia de Japón: economía, política y sociedad, Barcelona, UOC. Landes, D. S. (2006): Dinastías. Fortunas y desdichas de las grandes familias de negocios, Barcelona, Crítica. Landes, D. S. (2008): La riqueza de las naciones: por qué algunas son tan ricas y otras tan pobres, Barcelona, Crítica. Landes, David S., Mokyr, Joel, Baumol, William J. (2010): The invention of enterprise. Entrepreneurship from ancient Mesopotamia to modern times, Princeton y Oxford, Princeton University Press. Marichal, Carlos (2010): Nueva historia de las grandes crisis financieras: una perspectiva global, 1873-2008,</p>
---------------------	--



Barcelona, Debate.Martín Martín, Victoriano et al. (coord.) (2006): Lecciones de historia económica, Madrid, McGraw Hill.Martín Martín, Victoriano, (coord.) (2012): Historia de la Empresa, Madrid, Pirámide.Micklethwait, John, Wooldridge, Adrian (2003): La empresa. Historia de una idea revolucionaria, Barcelona, Mondadori.Nolan, Peter (2001): China and the Global Economy: National Champions, Industrial Policy, and the Big Business Revolution, Houndsmill, Palgrave.Nuñez, Gregorio y Segreto, Luciano (eds.) (1994): Introducción a la historia de la empresa en España, Madrid, Abacus.Ocampo Suárez-Valdés, Joaquín (1998): Historia económica mundial y de España, Oviedo, Universidad de Oviedo.Palafox, Jordi, ed. (2014): Los tiempos cambian. Historia de la economía. Valencia, Tirant lo Blanch.Park, Hong Y. (2012): "Las reformas de los chaebols", Vanguardia. Dossier. Corea del Sur. El pequeño gigante, nº 47, abril/junio.Pelegrín Solé, Àngels y Jensana Tanehashi, Amadeu (2011): Economía de Japón, Barcelona, UOC.Piore, Michael J. y Sabel, Charles F. (1990): La segunda ruptura industrial, Madrid, Alianza.Pollard, Sidney (1987): La génesis de la dirección de la empresa moderna. Estudios sobre la revolución industrial en Gran Bretaña, Madrid, Ministerio de Trabajo.Porter, Michael E. (1991): La ventaja competitiva de las naciones, Barcelona, Plaza y Janés.Prieto, Enrique, de Haro, Dionisio y Santos, Marta (2005): Historia Económica. Lecturas y materiales, Madrid, Dykinson.Roberts, Michael (2016): La larga depresión. Cómo ocurrió, por qué ocurrió y qué ocurrirá a continuación, España, El viejo topo.Rugman, Alan M., Brewer, Thomas L. (2001): Oxford Handbook of International Business, Oxford University Press.Salort, S. (2012): Revoluciones industriales, trabajo y Estado del Bienestar. La gran ruptura mundial contemporánea, Madrid, Sílex.Teichova, Alice, Lévy-Leboyer, Maurice y Nissbaum, Helga (comps.) (1990): Empresas multinacionales, finanzas, mercados y gobiernos en el siglo XX, Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 2 vols.Tortella, G. (2023): Capitalismo y revolución. Un ensayo de historia social y económica contemporánea, Madrid, Gadir.Tortella, G. y otros (2008): Educación, instituciones y empresa: los determinantes del espíritu empresarial, Madrid, Academia Europea de Ciencias y Artes. Valdaliso, Jesús M.ª y López, Santiago (2007): Historia económica de la empresa , Barcelona, Crítica [reimpresión de 2008]. Yoshimori, Masaru (1993): "Claves de la competitividad japonesa", Harvard-Deusto Business Review, nº 56, pp. 20-30.Zamagni, Vera (2004): Historia económica de la Europa contemporánea: de la revolución industrial a la integración europea, Barcelona, Crítica.Además, existen en formato electrónico as seguintes obras (algunha de historia empresarial, a maioría de historia económica mundial): Erro, Carmen (dir.) (2003): Historia Empresarial, Barcelona, Ariel. P-ISBN: 9788434448391Feliu, Gaspar y Sudrià, Carles (2013): Introducción a la Historia Económica Mundial , Valencia, Universitat de València, 2ª edición.Bernardos, J. U. et al. (2014): Historia económica, Madrid, UNED. E-ISBN: 9788436269307. P-ISBN: 9788436267396Williamson, J. G. (2012): El desarrollo económico mundial en perspectiva histórica: cinco siglos de revoluciones industriales, globalización y desigualdad, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza. E-ISBN: 9788415770756 P-ISBN: 9788415538677Tascón, J., López, M. A. (2012): Historia económica mundial: una visión eurocéntrica de la actividad económica, del Neolítico al siglo XXI, Madrid, Biblioteca Nueva. E-ISBN: 9788499407494 P-ISBN: 9788499405254Martín, V. (2006): Lecciones de historia económica, Madrid, McGraw-Hill. E-ISBN: 9788448183707 P-ISBN: 9788448146467



## Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

A materia non esixe requisitos previos. Non obstante, considéranse recomendables algúns prerrequisitos e coñecementos previos: coñecementos de Historia Universal e estar familiarizado con conceptos básicos de Economía e de Empresa. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e cos comportamentos persoais e profesionais. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas; de igual xeito, influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Facilitarase a

plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías